

Pazo dos Becerra

060134

Datos de Localización

Pazo

Nomenclator:	3207806
Coord. UTM:	X: 61774320 Y: 465763686
Concello:	Sarreaus
Parroquia:	NOCELO DA PENA
Lugar:	Nocelo da Pena
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Pazos
Subtipo:	Pazo



Denominación:	Pazo dos Becerra
Etaapa Histórica:	Idade Moderna
Estilo relevante	Popular

Outros Estilos:

Descrición:

O Pazo dos Becerra, tamén coñecido entre os lugareños como "Pazo do Señorito", está ubicado no barrio da Igrexa, a escasos 100 m. ao Sueste da Igrexa Parroquial de San Lourenzo. A súa planta describe unha U, orientada ao Norte, cun patio interior empedrado e cerrado ao Norte por un muro de perpiaño cun portón central flanqueado por dous vans rectangulares, sobre o que se dispón un escudo de nova factura.

Dos tres corpos que conforman o edificio, o Leste parece o máis antigo, a tenor dos materiais utilizados e da súa disposición. Os seus muros están cimentados sobre a rocha natural e levantados con cachotería encintada, e no extremo Norte presenta un remate semicircular que sobresaia da liña do muro que pecha o patio interior. Os outros dous corpos, o Sur e o Oeste, están construídos con perpiaño regular, presentando encintado nalgunhas fachadas.

Nos ángulos interiores, resultados da unión dos tres corpos, sitúase cadansúa escaleira de acceso á planta alta do edificio, destacando a situada no esquinaleste, que presenta un patamall cuadrangular e unha varanda maciza de granito. Esta dá acceso ao que sería o corpo principal, o Oeste, onde se situaría a vivenda propiamente dita e que presenta un balcón sobre tres canzorros formados por tres sillares con gola e listéis, con varanda de ferro e protexido por unha prolongación do tellado.

O corpo Sur presenta na parte posterior unha solaina, que discorre por toda a fachada, apoiada en piares rectangulares, con varanda de ferro e cuberta pola prolongación do tellado. Esta mira para un patio traseiro, de planta rectangular, arredor do cal se dispoñen diversas construcións, cerrándoo: capela, alpendres, canastro, fonte, alpendres, pallar, etc.

A capela serve de peche ao patio polo Leste. Trátase dun edificio de planta rectangular, coa cabeceira orientada ao Sur, con muros de perpiaño regular enmarcados por pilastras pseudodóricas que sosteñen un entaboamento que remata as fachadas e coa cuberta a dúas augas de tella francesa. A fachada principal, ao Norte, presenta porta alintelada con moldura acobadada nos ángulos e vanos cuadrangulares aos lados. Na parte superior óculo circular e frontón sobre o que se dispón unha espadana dun so arco, con arquivolta no arranque do arco e remate triangular con cruz latina no vértice superior e pináculos laterais. Na fachada Leste, que dá ao exterior, presenta unha porta enmarcada por bandas lisas, sobre a que se dispón un estreito respiradoiro horizontal, e un muro perpendicular de peche, realizado con perpiaños irregulares, adosado.

Ao seu lado e sobre a portada de entrada a este patio traseiro sitúase un canastro de madeira. Este érguese sobre

tres cepas de granito cos laterais cóncavos, con cadanseu tornarratos lonxitudinal de sección rectangular cos laterais troncocónicos. A cámara é de madeira, con porta de listóns verticais no lado penal que mira ao Norte. O outro penal, o Sur, está cerrado con doelas verticais enlazadas por unha dobre faixa horizontal que se prolonga tamén polos costais, onde se imbrican con cinco faixas verticais que atravesan as padieiras. A cuberta, con armazón de madeira a dúas augas e tella mixta, ten beirado con tornaventos nos catro lados. A cámara está pintada de cor granate e as padieiras e o penal Sur están reforzados cunha chapa metálica.

O pazo posúe ao Sur unha gran finca na que existe un pombal ciruclar caleado en branco.

BIBLIOGRAFÍA:

GARCÍA IGLESIAS, X.M., *Pazos de Galicia*. T. 1, A Coruña, COAG, 1989, p. 254.

RIVERA RODRÍGUEZ, M^o T., *Pazos orensanos*. Vigo, Caixanova, 2000, pp. 304-305.

Características Construtivas

Plantas:	B+1
Edif. Anexas:	Alpendre, pallar, capela.
Mat. Fachada:	Granito
Mat. Estrutura:	Granito
Mat. Cuberta:	Tella
Elementos singulare	
Construtivos:	
Decorativos:	

Delimitación do Ben e da contorna

Situación:	Outros
Area de Protección:	

Protección

Tipo de ben:	Sen rexistrar
Proposta de tipo de ben:	Inventariado
Estado de Tramitación:	
Nivel de Protección Arq.:	Sen protección
Proposta Nivel de Protección Arq.	Integral
Grao de Protección Arq.:	-----
Proposta Grao de Protección Arq.	-----
Xustificación da Protección:	
Titularidade	
Polígono:	
Parcela:	

Conservación Intervención

Conservación-intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Vivenda

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Colocación de portas e ventás de aluminio e substitución da antiga varanda de madeira por unha de ferro. No canastro: colocación de chapas metálicas para reforzar as padieiras e o penal Sur e retellado con tella mixta.

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles











